

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ORDES

*Correccion erros bases reguladoras de proceso selectivo*

#### RESOLUCIÓN Nº 88/2024

**ASUNTO:** CORRECCIÓN ERROS BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA TÉCNICA, SUBGRUPO A2.

**EXPEDIENTE:** 2024/G003/000088

#### ANTECEDENTES-FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Vistos os erros existentes nas bases reguladoras do proceso selectivo para a cobertura por promoción interna, concurso-oposición, 2 prazas da Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica (Subgrupo A2), correspondente á oferta de emprego público para o ano 2021 (apartado 4.2) (BOP nº 244, de data 24/12/2021), aprobadas por resolución da Alcaldía nº 1784/2023, de data 27/12/2023 (BOP nº 3, de data 03/01/2024).

Visto o disposto no art. 109.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP).

No uso das atribucións conferidas polo art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, **RESOLVO:**

1. Corrixir os erros existentes nas bases reguladoras do proceso selectivo para a cobertura por promoción interna, concurso-oposición, 2 prazas da Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica (Subgrupo A2), correspondente á oferta de emprego público para o ano 2021 (apartado 4.2) (BOP nº 244, de data 24/12/2021).

#### Onde di:

“3.2. Taxas.

3.2.1. De conformidade co disposto no art. 6 da Ordenanza fiscal nº 24, reguladora da taxa por expedición de documentos, como requisito necesario para participar neste proceso, deberase aboar dentro do prazo de presentación de solicitudes, en concepto de dereitos de exame o importe de 27,45 euros e, (...)”.

“7. Tribunal.

7.1. O Alcalde-Presidente nomeará o tribunal cualificador, que estará composto por cinco persoas titulares e cinco persoas suplentes, presidente/a, tres vogais e secretario/a, pertencentes a un corpo, escala ou categoría profesional para cuxo ingreso se requira a titulación de bacharelato, técnico ou superior (...)”.

#### Debe dicir:

“3.2. Taxas.

3.2.1. De conformidade co disposto no art. 6 da Ordenanza fiscal nº 24, reguladora da taxa por expedición de documentos, como requisito necesario para participar neste proceso, deberase aboar dentro do prazo de presentación de solicitudes, en concepto de dereitos de exame o importe de 32,90 euros e, (...)”.

“7. Tribunal.

7.1. O Alcalde-Presidente nomeará o tribunal cualificador, que estará composto por cinco persoas titulares e cinco persoas suplentes, presidente/a, tres vogais e secretario/a, pertencentes a un corpo, escala ou categoría profesional para cuxo ingreso se requira unha titulación de nivel igual ou superior á esixida para participar neste proceso selectivo (...)”.

2. Publicar a corrección das Bases no Boletín Oficial da Provincia.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela as persoas interesadas poderán presentar recurso potestativo de reposición ante o Alcalde-Presidente no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no BOP, consonte a Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou impugnala directamente ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de

A Coruña, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, consonte a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En Ordes, 19 de xaneiro de 2024

O Alcalde-Presidente

José Luis Martínez Sanjurjo

(asinado dixitalmente)

O Secretario

Juan Luis González Iglesias

2024/408